

Prezadas familias:

Na mañá de hoxe comunicóusenos a confirmación dun caso positivo en COVID-19 en primeiro curso da ESO.

Ante esta situación, a dirección do centro estima que cómpre comunicar o seguinte:

-Mantivemos comunicación telefónica co/a alumno/a positivo e a súa familia e xa identificamos os posibles contactos estreitos.

-Dende o momento en que se nos comunicou a incidencia puxémonos en contacto coa CSC para recibir instrucións e permanecemos á espera das súas novidades, se se produciran.

-A Central de Seguimento chamará a 9 familias para comunicarlles o día e a hora para que os/as seus fillo/as realicen unha PCR. Estas familias xa foron avisadas desta circunstancia por vía telefónica pola da dirección do centro.

O resto de alumnado non se consideran contactos estreitos.

De houber alguna novidade, poñerémonos en contacto coas persoas afectadas.

Aproveitamos para lembrar a importancia de observar as medidas de prevención en todo momento, tanto dentro como fóra do centro.

Agradecemos a colaboración e implicación de todas as familias.

Un afectuoso saúdo

A dirección